



## **INSTRUCCIÓN 3/2016, SOBRE RECOÑECEMENTO DE IDIOMAS NOS EXPEDIENTES DO ALUMNADO**

A complexidade das normas internas de recoñecemento de créditos en titulacións adaptadas ao EEEs, en particular sobre o recoñecemento de idiomas, fan necesario que, para facilitar que todas as unidades de información e xestión actúen de maneira uniforme, se dite unha instrucción de aplicación que evite diverxencias interpretativas.

Polo anterior, esta Secretaría Xeral resolve ditar a seguinte INSTRUCCIÓN:

### **PRIMEIRO.- Alumnos/as con varias nacionalidades**

Entenderase que alumnos/as con máis dunha nacionalidade, sempre que unha delas implique un país con idioma oficial distinto do castelán, cumpren coa obrigación recollida no parágrafo primeiro do *Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013, polo que se aprobou o recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao.*

### **SEGUNDO.- Alumnos/as estranxeiros/as con titulación española**

Os alumnos/as estranxeiros/as de países nos que a lingua oficial non sexa o español e que teñan cursada unha titulación oficial en España acreditan o coñecemento de nivel de idioma esixido no *Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 e na Orde ECI3858/2007 do 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obligatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.*

### **TERCEIRO.- Inclusión no expediente de varios idiomas**

O alumnado poderá solicitar a inclusión no expediente de niveis de coñecemento de idioma distintos do obligatorio, segundo o disposto no parágrafo terceiro do *Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 polo que se aprobou o recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao.,*

A inscrición dun recoñecemento de coñecemento de niveis de idioma distintos do B1 obligatorio devengará os prezos públicos establecidos en función dos créditos que se imputen no expediente, sexan ou non considerados para a obtención do título.



O único recoñecemento que non devengará prezos é o establecido con carácter obligatorio para todos os alumnos, en aplicación do Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013.

Poderanse inscribir recoñecementos de coñecemento de nivel de idioma nos expedientes con posterioridade á data de depósito de título.

#### **CUARTO.- Incorporación de niveis no expediente**

O nivel de idioma recoñecido, ou os niveis de coñecemento de idioma aos que un alumno/a teña dereito pola superación de determinadas materias da súa titulación figurarán de forma automática no seu expediente. Mentre o sistema informático non sexa operativo para efectuar esta anotación farase de forma manual, a petición do interesado/a.

#### **QUINTO.- Títulos recoñecibles**

O Centro de Linguas Modernas a través da súa páxina web ten asignada a responsabilidade de recoller os títulos e estudos que recoñecen un determinado nivel de idioma. Para os estudos e títulos que se recollen a continuación o documento acreditativo será o que se indica :

<b>BULATS.-</b>	University of Cambridge	Candidate Test Report (único ou fraccionado)
<b>TOEIC.-</b>	Educational Testing Service (ETS)	Institutional Score Report (Speaking and Writing Tests) e Official Score Report (Listening and Reading).
<b>TOEFL IBT.-</b>	Educational Testing Service (ETS)	Official Score Report

Nos casos non recollidos nesta ou outras normas, ou de existir dúbidas sobre a validez dun documento acreditativo presentado por un alumno/a, elevarase consulta ao Servizo de Xestión Académica que decidirá sobre a admisión ou non do documento, cos informes que se estimen necesarios.

## **SEXTO.- Certificacións non automatizadas**

En todos aqueles casos que non se poida aplicar o procedemento automatizado de recoñecemento previsto na Resolución reitoral de 26 de marzo de 2015, a Secretaria do Centro de Lingua Modernas será a encargada de certificar o nivel de coñecemento de idioma dos alumnos/as que o soliciten, sempre que realízase en todo ou en parte as probas necesarias para obtelo no CLM.

O establecido neste punto é de aplicación tamén no caso de que o recoñecemento teña lugar como consecuencia da participación dos alumnos/as en programas de mobilidade en universidades estranxeiras, en aplicación do parágrafo 2.2.f do acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 (corrección de erros do 8 de xaneiro de 2014).

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A Secretaria Xeral



*L. Ferreiro*  
Consuelo Ferreiro Regueiro